



CAMPO DE VOLUNTARIADO "LEBRANDO A NOSA PEGADA" (A SERRA DE OUTES - A CORUÑA)

DATAS	IDADES	ÁMBITO	MODALIDADE	PRAZAS
12-23/07/2025	18-30	Internacional	Medioambiental e social	15



LOCALIZACIÓN

O Concello de Outes forma parte da comarca da ría de Muros e Noia, que se atopa na costa oriental da provincia da Coruña, nun marco xeográfico que ofrece unha rica variedade de formas e contornas singulares, matices paisaxísticos e contrastes que se dan entre mar e montaña.

A capital do concello de Outes atópase moi preto do estuario e desembocadura do río Tambre e o estuario do Tins, na Serra de Outes, Lugar de Interese Comunitario (LIC), onde a miúdo se poden ver unha gran variedade de aves que repousan e se alimentan no humidal que forma o espazo intermareal.

DESCRIPCIÓN DO CAMPO

O obxectivo deste campo de voluntariado é aumentar os bens patrimoniais e sociais do Concello de Outes. Con este fin, as persoas voluntarias mellorarán a sinalética e o acceso ao conxunto de Dolmens do Alto das Mámoas. No eixo social, farán unha mediación e acompañamento coas persoas maiores.

As actividades son as seguintes:

- Limpeza da ruta e adecuación da sinalización do conxunto arqueolóxico.
- Acompañamento e dinamización coas persoas maiores.
- Dinamización dun Roteiro Nocturno con participación aberta á veciñanza do concello de Outes, para dar a coñecer o valor patrimonial das diferentes áreas de petróglifos e gliptólifos así como das novas intervencións no conxunto de dolmens.
- Estudo dun novo trazado con valor patrimonial no Concello de Outes.
- Creación dunha revista dixital que dea visibilidade aos diferentes puntos de interese de Outes.
- Aprendizaxe sobre a Axenda 2030.

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

- Náuticas: piraguas, vela, táboa...
- Xogos na Praia de Broña
- Sendeirismo



- Ruta e baño nas Pozas de Souto
- Tiro con arco
- Xeolocalización: carreira con xps
- Deporte e xogos tradicionais
- Veladas nocturnas

ALOXAMENTO E MANUTENCIÓN

Os participantes aloxaranse no CEIP Plurilingüe de Outes, que facilita o propio concello, desde onde serán trasladados diariamente ata o lugar da actividade.

En canto á comida, o almorzo, o xantar e a cea serviránse nas mesmas instalacións. Trátase dun ámbito de voluntariado vivencial, polo que se prevé que o traballo sexa compartido en grupo.

COMO CHEGAR

Santiago de Compostela está a 40 km da Serra de Outes. Desde a estación de autobuses de Santiago pódese coller un autobús da compañía Monbus (www.monbus.es) que conecta coa Serra de Outes.

A Coruña está a 110 km da Serra de Outes. Desde a estación de autobuses da Coruña a Santiago de Compostela, deberás coller un autobús da empresa Monbus. Hai tamén a posibilidade de facer o traxecto en tren.

Para viaxar dende Vigo hai que facer escala en Santiago. Pódese ir en autobús con Monbus ou en tren.



INCORPORACIÓN, PUNTO DE ENCONTRO

O primeiro día a partir das 16:00 h. ás 19:00 h. no exterior do CEIP Plurilingüe de Outes (P. de Galicia, s/n 15230 / Serra de Outes. A 100 m da Casa de Cultura). O curso rematará o último día despois do almorzo.



COTA

CENTO DEZ (**110 €**) euros. As persoas posuidoras do Carné xove, título de familia numerosa, familia acolledora ou familia monoparental: OITENTA E DOUS EUROS E CINCUENTA CÉNTIMOS (**82,50 €**).

DEVOLUCIÓN DA COTA

Circunstancias que dan dereito á devolución da cota:

- a) Anulación da actividade ou non prestación do servizo por causas non imputables á persoa interesada.
- b) Ingreso hospitalario ou causa médica grave que afecte á persoa interesada e lle impida incorporarse ao campo. Deberá acreditarse con informes médicos e/ou do hospital no que estea ingresada.
- c) Falecemento ou enfermidade grave dun familiar ata o 2º grao. Esta causa debe estar acreditada con informes médicos e/ou do hospital onde estea ingresado o familiar, ou co certificado de defunción, de ser o caso.
- d) Abandono da actividade por calquera dos motivos recollidos na letra b), sempre e cando non transcorrese máis do 50 % dos días de duración do campo.



EQUIPO ACONSELLABLE

- Útiles de aseo e toalla de ducha.
- Saco de durmir, esteira e mochila para rutas.
- Calzado cómodo para montaña e calzado deportivo.
- Roupas: de deporte (suadoiros), de baño (traxe de baño, toalla, chancletas, gorro de baño...), de abrigo (roupa adecuada para poder realizar o traballo no caso de choiva ou frío), de auga (chubasqueiro), de traballo (luvas, gorro, calzado cómodo, botas de montaña...). Lanterna.
- Medicamentos en caso de tratamento.

DOCUMENTACIÓN

Todas as persoas participantes deberán levar o seu documento de identidade e a tarxeta sanitaria.

SEGURO

Todas as persoas participantes dispoñen dun seguro que cobre os accidentes que se poidan producir durante a actividade e a responsabilidade civil que deles se poida derivar.

CONTACTO

Dirección Xeral de Xuventude:
camposdevoluntariado.xuventude@xunta.gal



INFORMACIÓN ADICIONAL

xuventude.xunta.es Portal da Dirección Xeral de Xuventude da Xunta de Galicia con toda a información sobre campos, ocio e tempo libre, actividades, formación...

@xuventudegalicia Redes sociais da Dirección Xeral de Xuventude.

